

~ ONDA MAINA ~

Fondas raíces

23 de febreiro de 2016.

Dolores Macías Pose, esa muller de saberes, cantares de cego, coplas, recitadora e versificadora, vai recibir en Lugo no vindeiro mes un premio pola súa importancia cultural. Un recoñecemento a toda unha vida. O orgullo da aldea, o sentir de xeracións xa idas. Foi quen de ir atesourando na súa memoria todo ese patrimonio inmaterial que enriquece os pobos e que non se valora ata que se perde. Eses seres únicos que son quen de remexelas palabras e formar composicións nas que resumen a alma dun colectivo. A cultura que vén dende o máis profundo dos séculos e moitas veces ignorada e desprezada porque non se ten aprendido nos libros ou non se ten subido a escenarios con luces de cores. E non se debería desprezar a unha polos outros. Quen respecta as formas de creación humana ten moito tempo de paz e progreso adiantado. Dolores Macías estivo en Dombate facendo unha gravación dos seus acios de versos. Nunca pedras tan vellas e que tanto significan tiveron unha misión tan axeitada. O respecto gañado a poder de séculos de arte enraizada nas profundidades dunha civilización.

Ela non adoita intervir en grandes escenarios nin tivo galas para amosar as súas habilidades. Hoxe en día ándase moi distraído, cos ollos lambendo continuamente as pantallas dos smartphones, seguindo artificios con data de caducidade á vista, vivindo na soidade comunicada por vías virtuais e gozando do efémero como se non houbera outro tempo por diante. Dolores arrastra unha sabedoría comunicada ano a ano, lustro a lustro e século a século por sucesivas xeracións de xente anónima imprescindible para chegar a onde estamos.

OPINIÓN

VICENTE DE LEMA

TEMAS RELACIONADOS

[Cabana de Bergantiños](http://www.lavozdeg Galicia.es/temas/cabana-de-bergantinos) (<http://www.lavozdeg Galicia.es/temas/cabana-de-bergantinos>)